

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS VERDES PÚBLICOS DENTRO DO SEGUNDO PROGRAMA DE SERVIZOS LOCAIS E FOMENTO DE EMPREGO.

Sendo as 13:00 horas do día 9 de setembro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprego, Autónomos e Educación dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don Luis Álvarez Martínez, Concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Antón Bao Abelleira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor do Excmo. Concello, don Luis Casais Fernández, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e o secretario informa que tras o exame da documentación administrativa presentada polas dúas empresas, ambas son admitidas á licitación, debendo de procederse á apertura dos sobres B (ofertas económicas e relativa a criterios avaliados automaticamente).

DEFORGAL XXI S.L oferta un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de un traballador durante 180 días e a xornada completa. Oferta un prezo de 62.799 euros, IVE incluído.

CALFENSA PROYECTOS S.L oferta un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de 1,5 traballadores (un traballador a xornada completa durante 6 meses e un traballador a xornada completa durante tres meses). Oferta un prezo de 63.050 euros, IVE incluído.

Procédese á valoración das ofertas presentadas da que resulta o seguinte cadro de puntuacións:

	MAN DE OBRA	OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
DEFORGAL XXI	4	4	8
CALFENSA	6	3,54	9,54

CONTRATACIÓN

MLA

Refº: ACTA SOBRE B

Asunto: SELFE II ZONAS VERDES

Os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á empresa CALFENSA PROYECTOS S.L nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:30 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

